

Regulamento dos traballos fin de estudos (TFE) das titulacións impartidas na Escola Universitaria de Deseño Industrial da Universidade da Coruña

PREÁMBULO	1
CAPÍTULO I. Disposicións xerais	3
Artigo 1. Obxecto e ámbito de aplicación.....	3
Artigo 2. Normativa aplicable	3
CAPÍTULO II. Matrícula e realización do TFE	3
Artigo 3. Matrícula do TFE	3
Artigo 4. Realización do TFE	4
CAPÍTULO III. Oferta, asignación e dereitos asociados.....	4
Artigo 5. Oferta e asignación do TFE.....	4
Artigo 6. Propiedade intelectual, confidencialidade e prevención de riscos	5
CAPÍTULO IV. Defensa, avaliación e publicación	5
Artigo 7. Defensa do TFE.....	5
Artigo 8. Avaliación e tribunais de TFE	7
CAPÍTULO V. Disposicións finais.....	8
Disposición derogatoria. Derrogación normativa.....	8
Disposición final primeira. Habilitación	8
Disposición final segunda. Entrada en vigor.....	8

PREÁMBULO

Este regulamento desenvólvese en aplicación da Normativa reguladora da matrícula e defensa do traballo fin de grao (TFG) e do traballo fin de mestrado universitario (TFM) da Universidade da Coruña (UDC), actualmente vixente, co obxectivo de garantir unha xestión homoxénea, transparente e eficiente dos traballos fin de estudos nas titulacións impartidas na Escola Universitaria de Deseño Industrial.

Un dos principais trazos distintivos que caracteriza a aposta formativa das titulacións impartidas na Escola Universitaria de Deseño Industrial (EUDI), no Campus de Ferrol, o Grao en Enxeñaría en Deseño Industrial e Desenvolvemento de Produto e o Máster Universitario en Enxeñaría en Deseño Industrial, é a forte interacción co ámbito industrial e empresarial que se conseguiu ó longo dos mais de vintecinco anos de existencia do Centro.

Son numerosos os Proxectos de Enxeñaría en Deseño Industrial e Desenvolvemento de Produto, as xornadas e seminarios, os asesoramentos técnicos e estratéxicos, así como outras actividades que se realizan continuamente no marco de numerosos

convenios de investigación e asesoramento, enmarcados na actividade docente, e nos que sempre participan os estudantes de forma activa. Este éxito é posible grazas á ampla implicación dos estudantes, ó apoio institucional da Universidade da Coruña e á dedicación, capacidade e especial motivación do profesorado.

O nivel de formación alcanzado polos egresados e a calidade dos Proxectos dirixidos na EUDI son o selo distintivo e o aval óptimo para os axentes institucionais, empresariais e industriais, de tódolos sectores, cos que se colabora intensamente.

A Enxeñería en Deseño Industrial, como disciplina, busca integrar dentro dos campos estratéxicos, produtivos e comerciais da empresa todos aqueles atributos que o futuro usuario valorará nos produtos de forma emocional, funcional e socio-cultural. A Enxeñería en Deseño Industrial é, das disciplinas integradas no Desenvolvemento de Produto, a máis próxima ó ser humano como usuario. O Deseño ten as súas orixes históricas na necesidade de adaptar os produtos fabricados industrialmente ás tendencias e ás necesidades humanas de emotividade, notoriedade e diferenciación no contexto empresarial. Onde non hai diferenzas non hai valoración.

O Deseño Industrial aplicado correctamente e ben integrado na estratexia empresarial aporta unha calidade específica ós produtos, que a súa vez xera mensaxes sobre a propia empresa, por canto os produtos son o principal elemento comunicativo da Imaxe e Identidade Corporativa da empresa.

Polo tanto a Enxeñería en Deseño Industrial é un elemento fundamental e representativo da Cultura Global da empresa e precisa unha integración plena e moi coidada nos plantexamentos corporativos e comerciais. A aplicación do Deseño Industrial como factor estratéxico por parte da dirección da empresa non ten alternativa.

Tal e como están deseñadas ambas titulacións, o proceso de formación e síntese desenvolto durante o Programa Formativo culmina no último curso coa execución dun Proxecto Final de 12/7,5 créditos ECTS, concibido como parte fundamental da formación disciplinar e proxectual, na que se configura o perfil académico e profesional específico da titulación, cunha forte compoñente de experimentalidade, en donde se evidencian e se pon en práctica tódolos coñecementos que se adquiren durante o proceso formativo do Plan de Estudos.

Reforzando este carácter disciplinar, a docencia e xestión tanto do Proxecto Fin de Grao (PFG), como do Proxecto Fin de Máster (PFM), están asignadas integramente a profesores da Área de Proxectos de Enxeñería que imparten docencia na EUDI, con formación específica en Deseño Industrial.

CAPÍTULO I. Disposicións xerais

Artigo 1. Obxecto e ámbito de aplicación

1. Este regulamento ten por obxecto regular a oferta, asignación, realización, defensa e avaliación dos TFE nas titulacións impartidas na Escola Universitaria de Deseño Industrial da UDC.

2. Será de aplicación a todo o estudiantado matriculado na materia TFE das titulacións da Escola Universitaria de Deseño Industrial reguladas por esta normativa, de acordo co disposto na normativa xeral da UDC.

Aínda tendo formalmente a consideración de calquera outra asignatura do Plan de Estudos, as peculiaridades do PFG e o PFM no ámbito disciplinar da Enxeñería en Deseño Industrial e Desenvolvemento de Produto, fan que sexa necesario establecer unha normativa mínima que garanta o seu desenvolvemento axeitado, cumprindo o obxectivo básico de poñer en práctica e avalía-las competencias adquiridas polo estudante.

Artigo 2. Normativa aplicable

1. Este regulamento desenvólvese en aplicación da Normativa reguladora da matrícula e a defensa do TFG e do TFM da UDC, actualmente vixente. En todo caso, nos aspectos non regulados ou que a contradigan, prevalecerá sempre esta última.

CAPÍTULO II. Matrícula e realización do TFE

Artigo 3. Matrícula do TFE

1. A matrícula do TFE realizarase dentro do prazo que estableza a Universidade, para o cal efectuará o aboamento dos prezos públicos que correspondan, conforme os créditos que teñan asignados.

2. Para formalizar a matrícula do TFE, o alumnado poderá ter pendentes como máximo 78 créditos para completar os estudos, incluídos os correspondentes ao TFE, e deberá matricularse tamén de todas as materias necesarias para rematar o plan de estudos da titulación, todo isto sen prexuízo de posibles excepcións que se recollan na Normativa de xestión académica da UDC.

3. Os/as estudantes que participen en programas de mobilidade saínte ou dobres titulacións con outras universidades españolas ou estranxeiras, poderán matricularse do TFE mentres realizan o dito programa de mobilidade ou a estancia na outra universidade. O seu réxime será establecido regulamentariamente.

4. A matrícula dará dereito á defensa do TFE en dúas oportunidades no curso en que estea matriculado o/a alumno/a, e sempre que cumpra os requisitos para a súa avaliación.

5. No caso de que o/a estudante non obteña unha avaliación positiva, non concorra a ningunha das oportunidades da convocatoria ou non reúna os requisitos para

presentar o traballo por ter materias pendentes, deberá formalizar unha nova matrícula noutro curso académico e aboar os prezos públicos correspondentes aos créditos do TFE para poder dispor dunha nova convocatoria.

Unha vez formalizada a matrícula do TFE non procederá a devolución dos prezos aboados por ningunha das causas sinaladas anteriormente.

Artigo 4. Realización do TFE

1. O TFE supón a realización por parte de cada estudante, de forma individual, dun proxecto, unha memoria ou un estudo concreto baixo a dirección de, polo menos, un membro do profesorado propio do centro ou dalgunha das universidades participantes no caso de programas de mobilidade, que actuará como director/a do traballo.

2. O TFE ten como obxectivo esencial a demostración, por parte do/a estudante, do dominio e aplicación dos coñecementos, competencias e habilidades acadados na titulación oficial de grao ou mestrado.

Os temas que se propoñan para a realización do TFE, tanto polo seu nivel de análise como pola súa extensión e polos seus obxectivos, deberá poder desenvolverse nun número de horas equivalente aos créditos ECTS asignados a este traballo no plan de estudos e coa duración que alí se estableza.

3. O TFE estará dirixido por un ou máis membros do profesorado da Área de Proxectos de Enxeñería, con formación universitaria específica en Deseño Industrial. Se a complexidade do traballo a desenvolver así o require, a dirección do TFE poderá ser compartida con outros profesores con docencia no Plan de Estudos da titulación.

CAPÍTULO III. Oferta, asignación e dereitos asociados

Artigo 5. Oferta e asignación do TFE

1. O órgano competente na xestión do proceso relativo aos TFE, determinado pola Xunta de Centro, é a Comisión Académica, que terá como funcións principais asegurar a aplicación do presente regulamento e da normativa xeral da UDC.

2. A oferta e asignación do TFE realizarase exclusivamente a través da aplicación SIGMA, de acordo coas seguintes directrices xerais:

a) Os temas ou as liñas dos TFE e os directores correspondentes proporanse de xeito razoado e serán remitidos polo profesorado da Área de Proxectos de Enxeñería, con formación universitaria específica en Deseño Industrial, á Comisión Académica.

b) Recollidas as propostas, a Comisión Académica aprobará e fará pública unha lista da oferta cos temas e directores.

c) Unha vez finalizados os pasos anteriores, o estudiantado, no prazo que o Centro estableza, solicitará a asignación por orde de preferencia dun número mínimo de tres temas ou liñas. A comisión preparará unha proposta de asignación provisional que intentará respectar as opcións manifestadas polo estudiantado e o profesorado implicado, baixo o principio de igualdade, mérito e capacidade. Para dirimir as

prioridades na elección de tema ou director valorarase como criterio o expediente académico.

d) Trala publicación da proposta provisional establecerase un período de reclamacións. Resoltas estas, publicarase unha lista definitiva. Calquera modificación posterior terá que efectuarse de común acordo entre o alumnado e o profesorado afectado, e en calquera caso sempre que a Comisión o autorice e publique.

e) Se a superación do TFE supón o remate dos estudos, o alumnado poderá defendelo no período establecido para a primeira oportunidade do primeiro cuatrimestre. Para isto o alumnado deberá facer a correspondente solicitude, avalada polo director do seu TFE, ante a Comisión Académica, que será quen resolva.

Artigo 6. Propiedade intelectual, confidencialidade e prevención de riscos

1. A titularidade dos dereitos de propiedade intelectual do TFE corresponderá á persoa autora do traballo, sen prexuízo de que poidan compartirse eses dereitos se así o acordan o/a autor/a e as persoas implicadas na súa elaboración.
2. A confidencialidade dos TFE estará garantida de acordo a o procedemento recollido nos protocolos de confidencialidade da UDC. Todas as partes implicadas no proceso estarán obrigadas por estes protocolos. As solicitudes de confidencialidade serán dirixidas á Comisión Académica.
3. Para a realización de modelos ou prototipos, se é necesario utilizar as instalacións do centro, o alumno observará as instrucións de formación básica en materia de prevención de riscos da Área Experimental de Volume e Forma da EUDI.

CAPÍTULO IV. Defensa, avaliación e publicación

Artigo 7. Defensa do TFE

1. O TFE só poderán ser defendido e avaliado unha vez que se teña constancia de que o/a estudante superou todos os créditos necesarios para a obtención do título de grao ou mestrado, agás os correspondentes aos propios TFE.

No caso dos programas de mobilidade estarase ao previsto regulamentariamente.

No caso de estudantes con matrícula condicionada por non ter superado integramente o título de acceso a un mestrado e que soliciten a defensa de ambos os traballos de fin de estudos (TFG e TFM) no mesmo curso académico, deberán acompañar as solicitudes de defensa cunha declaración responsable en que deixen constancia do non solapamento dos obxectivos e resultados dos traballos e da manifesta diferenciación entre eles. A persoa que exerza como presidente/a do tribunal que avalíe o TFM poderá solicitar ao/á estudante unha copia da memoria do TFG.

2. A defensa do TFE non requirirá autorización das persoas directoras do traballo.
3. O procedemento de solicitude de defensa e depósito do TFE realizarase exclusivamente a través da aplicación SIGMA, de acordo coas seguintes directrices xerais:

a) Coa solicitude entregaranse a versión dixital do traballo realizado e cantos documentos estimar necesarios a comisión encargada. A documentación entregada constará, polo menos, de: Concepto, Libreta de Bocetos, Modelados 3D, Paneis de Presentación, Documentacións, Planos Técnicos, Presentación, Vídeo e Experiencias Persoais, así como un soporte digital físico de tódolos documentos relacionados co proxecto. Ademais, no caso do TFG, Pre-Maquetas e Maqueta, Resúmen, Portafolio persoal e Curriculum Vitae.

b) O material non dixital entregarase, fisicamente, o mesmo día da defensa.

c) Na oportunidade pertinente, realizarase unha única presentación e entrega física de tódolos elementos a avaliar, segundo o modelo establecido polo Centro e no prazo que se fará público para estes efectos.

4. Para a defensa e avaliación do TFE, o/a estudante disporá dunha convocatoria por curso académico con dúas oportunidades, de conformidade co disposto na normativa xeral de avaliación da UDC.

5. As convocatorias de defensa do TFE realizaranse conforme ao previsto na normativa xeral da UDC e ao calendario académico oficial vixente.

Programaranse tres convocatorias para a defensa do TFE: adiantada de febreiro, xuño e xullo, respectando as datas límite de sinatura e entrega de actas establecidas no calendario académico oficial.

No caso dos TFG, se axustarán as datas dunha das convocatorias á normativa de preinscrición e matrícula de mestrado, de tal modo que se garante que o estudantado de grao que finalice a súa titulación no mes de xullo poida dispor do prazo de preinscrición ordinario establecido nesa normativa.

6. A defensa do TFE realizarase en acto público, de acordo co establecido na normativa xeral da UDC e neste regulamento.

O estudantado deberá defender o seu traballo de forma presencial. Excepcionalmente, e por causa maior debidamente xustificada, poderá solicitar a defensa do seu TFE en modalidade virtual ou mixta. Para tal fin, presentará unha solicitude debidamente motivada, garantindo a existencia das condicións legais, técnicas e organizativas axeitadas. Esta solicitude se formalizará hasta 15 días hábiles antes de realizar a solicitude de defensa do TFE, e a resolverá a Comisión Académica, nun prazo máximo de 7 días hábiles.

7. A defensa dos TFE terá carácter individual e público, e o traballo será obxecto de avaliación formal por parte dun tribunal académico.

a) A metodoloxía de defensa para o TFE será en forma de comunicación oral.

b) A realización, presentación e defensa dos TFE poderanse efectuar en calquera dos idiomas empregados na impartición do título, de acordo co disposto na memoria de verificación.

c) Cada estudante disporá dun tempo máximo para a defensa do TFE, do que será informado polo tribunal, no que deberá expoñer os obxectivos, a metodoloxía, o contido e as conclusións do seu traballo. Con posterioridade terá que atender debidamente ás preguntas, ás aclaracións, ós comentarios e ás suxestións que lle poidan formular os membros do tribunal de avaliación. Posteriormente procederá a montar a exposición física do seu traballo.

8. As particularidades de cada curso académico relativas ao procedemento de defensa, de entre os establecidos neste regulamento, así como os criterios de avaliación aplicables en cada modalidade, recolleranse na guía docente da materia correspondente, de acordo co plan de estudos e co acordado pola comisión competente en materia de TFE.

Artigo 8. Avaliación e tribunais de TFE

1. Os TFE serán avaliados por un tribunal nomeado e constituído para tal fin.

a) O/A director/a do traballo tamén intervirá na avaliación, correspondéndolle unha porcentaxe da cualificación final dun 33%.

b) O/a presidente/a do tribunal terá formación universitaria específica en Deseño Industrial e será, preferentemente, da Área de Proxectos de Enxeñería.

2. Cada tribunal estará formado, como mínimo, por tres persoas titulares e os correspondentes suplentes. O/a director/a do TFE non poderá formar parte do tribunal.

As persoas designadas para constituír o tribunal serán escollidas entre o profesorado que imparte docencia no centro.

3. Cada tribunal contará cunha persoa que o presida e outra que exerza as funcións de secretaría. O resto dos membros terán a consideración de vogais.

O/A coordinador/a do título correspondente pode propoñer a composición do tribunal, e a validación da composición corresponde á dirección do centro.

4. Ó tribunal correspóndenlle as funcións de avaliación da exposición oral e do resto de material presentado e a resolución de incidencias durante o acto de defensa. A emisión e sinatura das actas correspondentes correspóndelle ó/a secretario/a do tribunal. A custodia dos traballos defendidos correspóndelle ó centro.

5. Para a defensa do TFE, cada estudante disporá dun tempo entre 10 e 15 minutos para a exposición, e entre 10 e 15 minutos para responder ás preguntas que lle formule o tribunal. Na presentación deberá expoñer os obxectivos, a metodoloxía, o contido e as conclusións do seu traballo.

6. Os procedementos de selección e envío ao Servizo de Biblioteca dos traballos que serán publicados no Repositorio Institucional da Universidade da Coruña (RUC) serán os especificados no punto 6 do «Procedemento de xestión dos TFE na aplicación SIGMA».

CAPÍTULO V. Disposicións finais

Disposición derogatoria. Derogación normativa

Quedan derogados os seguintes regulamentos, así como calquera outra disposición de igual ou inferior rango que se opoña ao disposto no presente regulamento:

Regulamento da Escola Universitaria de Deseño Industrial polo que se regulan os TFG/TFM (Proxectos Fin de Grao/Fin de Máster) correspondentes ó Grao de Enxeñería en Deseño Industrial e Desenvolvemento de Produto e ó Máster Universitario en Enxeñería en Deseño Industrial (Aprobado por Xunta de Escola o 13 de xullo de 2023, modificado e informado favorablemente pola Comisión de Plan de Estudos do 7 de marzo de 2025).

Disposición final primeira. Habilitación

Facúltase á dirección do centro para desenvolver esta normativa e interpretar as dúbidas que poidan xurdir da súa aplicación, mediante as instrución que sexan oportunas.

Disposición final segunda. Entrada en vigor

Este regulamento entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Taboleiro Electrónico Oficial (TEO) da UDC, de conformidade coa Normativa reguladora da matrícula e defensa do TFE, e será de aplicación a partir do curso académico seguinte ao da súa publicación.

O director da Escola Universitaria de Deseño Industrial

Jon Solozabal Basañez